



Concello de Cangas

INSTALACION DE QUIOSCOS DE VERAN EN TERREO PRIVADO, NA ZONA DE SERVIDUME DE PROTECCION DO DOMINIO PUBLICO 2019.

O Concello de Cangas lémbrale a tódolos veciños/as que desexen solicitala instalación de quioscos en terreo privado, na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, que deberán presentala petición no Rexistro de entrada do Edificio Administrativo da Xunta, en Pontevedra, ou no Rexistro de entrada, portelo único, do Concello, ata o día 1 de marzo do ano 2019, de acordo coa seguinte documentación:

1º.- Solicitud en modelo de instancia na que se deberá achegar:

- a) Fotocopia compulsada do DNI ou CIF do solicitante. Cando se trate dunha persoa xurídica, o seu representante deberá acreditar a súa identidade e a representación coa que actúa.
- b) Documentación acreditativa da propiedade ou dispoñibilidade do predio sobre o cal se pretende actuar, orixinal ou fotocopia compulsada (certificación catastral e nota simple rexistral ou escritura pública).
- c) Certificación urbanística, expedida polo Concello, coa clasificación do solo, datas de aprobación do planeamento, estado de execución do mesmo e usos permitidos.
- d) Plano, a escala 1/1000, de deslindamento definitivo ou, se é o caso, de definición provisional da liña probable de deslindamento do dominio público marítimo-terrestre e do límite interior da zona de servidume de protección, expedido ou autenticado polo Servizo Periférico de Costas, no cal se sinale o predio no que se pretende realizar o uso para o cal se solicita autorización, localizando nela a instalación ou obra proxectada.
- e) Memoria descriptiva das instalacións desmontables con expresión das súas características, uso previsto, orzamento e bosquexo das mesmas, con indicación de medidas en caso de cerramento, por triplicado.
- f) Fotografías do predio, onde se pretende efectuar a instalación, por triplicado.
- g) Xustificación documental da retirada do quiosco na tempada anterior, no seu caso, de ter autorización outorgada.
- h) Xustificante de ter aboadas as taxas correspondentes, respecto as autorizacións en materia de costas (1% do importe do proxecto suxeito a autorización cun mínimo de 220.44 euros).

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

2º.- Durante a execución das obras deberanse adoptar as medidas necesarias tanto para garantir a integridade do dominio público marítimo-terrestre e as súas zonas de servidume -con especial atención a evitar o vertido de materiais contaminantes no medio natural-, como a seguridade de persoas e bens, balizando e sinalizando convenientemente a zona de traballo e adoptando as medidas de seguridade e hixiene aplicables a este tipo de actuacións.

3º.- Todas as súas conduccións de servizo terán que ser soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede de saneamento xeral si existe, quedando en todo caso prohibido os sistemas de drenaxe e absorción que poidan afectar á área ou á calidade das augas de baño. Non se permitirá ningunha conducción de tendido eléctrico que sexa aéreo. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.

4º.- Salvo o rotulo indicador do establecemento, sempre que se coloque na súa fachada e non supoña unha redución do campo visual, está prohibida a publicidade a través de carteis, vallas ou por medios acústicos ou audiovisuais.

5º.- A instalación será polo prazo do **1 de maio ao 30 de setembro**.

6º.- A autorización poderá ser revogada en calquera momento sen dereito a indemnización e cando as circunstancias de interese xeral así o aconsellaran.

7º.- Finalizada a actividade, a instalación deberá levantarse no prazo de 15 días.

8º.-Queda prohibida a execución de obras de fábrica debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables. A tipoloxía das instalacións deberán armonizar con entorno mediante materiais adecuados e de boa calidade, aspecto estético e bo estado de conservación.

9º.- O horario habitual será de 10.00 horas ata as 23:00 horas. Os venres, sábados, domingos, festivos e vésperas de festivos será ata as 24:00 horas, con 30 minutos para desaloxar e pechar o local.

10º.- O incumprimento de calquera destas obrígas causará a anulación inmediata da autorización.

11º.- O feito de optar ás instalacións previstas neste Bando supón a total conformidade do/a solicitante de todos e cada un dos puntos anteriores, obrigándose o/a solicitante expresamente ao cumprimento das mesmas; para calquera dúbida na aplicación desta normativa, será competencia do propio Concello de conformidade coa lexislación vixente.

Cangas, a 27 de decembro de 2018. O Alcalde-Presidente, Xosé Manuel Pazos Varela.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850